

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 21 de abril de 2022, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto: *Aprobación das valoracións do sobre “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura 2022 N° Expte. 2022003743***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 25 de marzo de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura 2022. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25/03/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 12 de abril de 2022 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondente a documentación administrativa presentada polas empresas que participan neste procedemento aberto.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- Jardanay SL (CIF B-15.754.682)
- Os Ventos Innovación en servizos SL (CIF B-70.493.275)

A Mesa de Contratación na mesma reunión tamén procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor, remitíndose dita documentación aos técnicos do Servizo de Cohesión Social e Xuventude para á súa valoración.

A Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventud, con data 19-04-2022, emitiu informe relativo a valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor, das empresas admitidas, con (CSV) 8YUOHT2VI59EF7YF sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Criterios mediante xuízos de valor (Máx 43 puntos)	Jardanay SL	Os Ventos innovación en servizos SL
1.- Calidade dos produtos (Máx 30 puntos)	16	9



2.-Plan de control e avaliación continuada da calidade (Máx 10 puntos)	10	2
3.- Organización dos medios personais (Máx 3 puntos)	2	1
Total puntuación	28	12

A Mesa de Contratación en base o citado informe da Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude acorda prestar conformidade as citadas puntuacións acadadas polas empresas admitidas.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

